

## **Convocadas as axudas para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo para o curso 2018-2019.**

No BOE de data 14/08/2018 queda recollida a convocatoria de axudas para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo para o curso 2018/2019.

Enlace:

<https://www.boe.es/boe/dias/2018/08/14/pdfs/BOE-B-2018-40890.pdf>

Para este curso convocan as seguintes **axudas individualizadas**:

- Axudas directas para o alumnado que requira por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.
- Subsidios por necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade ou trastorno grave de conduta para familias numerosas.
- Axudas para programas específicos complementarios á educación regrada para alumnado con necesidade específica de apoio asociado a altas capacidades intelectuais.

### **Beneficiarios:**

Poderán solicitar as axudas os alumnos que non superen unha determinada renda e/ou patrimonio familiar e que presenten necesidade específica de apoio educativo derivada de discapacidade ou trastornos graves de conduta e que se encontren cursando en centro específico, en unidade de educación especial de centro ordinario ou en centro ordinario que escolarice alumnos que presentan necesidades educativas especiais, algún dos niveles educativos non universitarios.

Para obter o subsidio requirirase ser membro de familia numerosa.

**Para esta convocatoria o Ministerio de Educación indica que é necesario cumplimentar o formulario accesible por internet en: [www.mecd.gob.es](http://www.mecd.gob.es) ou a través da sede electrónica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte na dirección <https://sede.educacion.gob.es> no apartado correspondente a "trámites y servicios".**

O prazo para a presentación de solicitudes remata o **27 de setembro de 2018**.